SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE XULLO DE 1997

SUMARIO

1.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PRÉSTAMO A LONGO PRAZO 1/97.

2.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PRÉSTAMO A LONGO PRAZO 2/97.

3.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PRÉSTAMO A LOGO PRAZO 3/97.

4.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 30/6/97 REFERIDA A RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DA FACTURA Nº231 DO 27.02.97 EXPEDIDA POR DESHUM GALICIA S.L.

5.- DAR CONTA DA OPERACIÓN DE TESOURERÍA 1/97.

Na Sala de Sesións do Concello de Redondela, ás vinteunha horas do día nove de xullo de mil novecentos noventa e sete, baixo a Presidencia do Iltm.o Sr. Alcalde, D. AMADO RICÓN VIRULEGIO e a asistencia dos Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL ALONSO LEMOS, D. JOSÉ BLANCO PUGA, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. GUMERSINDO FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. XOSE LUIS GRANDE GRANDE, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. LUIS ALBERTO MÍGUEZ DOCAMPO, D. LUIS ALBERTO ORGE MÍGUEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. MANUEL PIÑEIRO COSTAS, D. FRANCISCO PUCH CASAL, D. LUIS RODRÍGUEZ VILARCHÁN, D. JOSÉ MANUE SOTO VIRULEGIO, D. JAIME TORNERO LÓPEZ e Dª. CECILIA PÉREZ ORGE, actuando como Secretario o da Corporación D. LUIS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Iltmo. Concello conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remesada a tódolos Sres./as Concelleiros/as, coa anatelación legalmetne requerida.

Non asistiron os Sres/as. Concelleiros/as D. XAIME REI BARREIRO, Dª. JOSEFA VILLAVERDE RODRÍGUEZ e Dª. MARÍA DEL CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedente a trata-los puntos da Orde do Día.

1.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PRÉSTAMO A LONGO PRAZO 1/97.

Pola Presidencia, dase conta de expediente relativo a este asunto donde consta propostas formuladas por entidades financieiras correspondentes á operación de crédito 1/97, así como o informe do Sr. Interventor de data 18 de xuño de 1997.

Seguidamente, dase conta pola Presidencia, da súa Proposta de data 16 de maio de 1997 que transcrita di:

"Aprobado provisoriamente polo Concello Pleno, en sesión ordinaria do 25.04.97 o orzamento xeral deste Concello correspondente ó exercicio de 1997.

Figurando no orzamento do Concello unha previsión de ingresos de 178.658.773 pesetas no subconcepto 97 917 01, correspondente a un préstamo a longo prazo para o financiamento das aportacións municipais a diversos investimentos así como para varias transferencias de capital.

Considerando que do importe indicado no apartado anterior, a contía correspondente á aportación municipal ás obras de reconstrucción da cuberta da Casa do Concello durante 1997 (9.540.865 pesetas) deberá ser obxecto dun préstamo independente; esta Alcaldía proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

"Primeiro.-

Aprobar a tramitación do prétamo 1/97 por importe de 169.117.908 pesetas con destino ó financiamento das aportacións municipais ós seguintes gastos:

Subprograma e subconcepto	**Destino**	**Pesetas**
97 1211A 626 00	Equipos e programas informáticos.....	8.000.000
97 2221A 624 00	Vehículos policia local.....	7.000.000
97 4321A 627 00	Proxectos técnicos.....	6.000.000
97 4321B 624 00	Vehículo servicio eléctrico..	2.500.000
97 4321C 611 00	Mobiliario urbano e melloras parques e xardíns.....	1.500.000
94 4411A 623 00	Rep. auga e saneamento Meixón Frío e outros, POL/97.....	2.784.965
94 4411A 623 01	Rep. auga e saneamento S.Telmo Fernández, POL/97.....	3.497.464

97 4411A 780 01	Subvencións a parroquias para redes de auga e sumidoiro e outras obras de interese social.....	2.000.000
97 4432A 611 00	Acondicionamento cemiterio de Mañó.....	3.500.000
97 4511A 620 00	Terreos centro socio-cultural en Chapela.....	30.000.000
97 4511A 780 00	Subvención á Sociedade Labrego C. de Reboreda "Remate das obras do centro social".....	1.000.000
97 4511A 780 01	Subvención ó Centro R.C. de Cesantes "Remate das obras do centro social".....	5.000.000
97 4521B 620 00	Reparacións e acondicionamento instalacións deportivas municipais.....	29.900.000
97 4521B 623 00	Deshumificador pavillón de Chapela.....	2.100.000
97 5111A 611 00	Pavimentación rúas: Das Penas e outras, POS/97.....	5.934.968
97 5111A 611 01	Pontes no río Alvedosa.....	21.000.000
97 5111A 624 00	Vehículos vías e obras.....	2.500.000
97 6221A 611 00	Acondicionamento do mercado de Redondela.....	2.500.000
97 6222A 611 00	Acondicionamento do mercado de Chapela.....	500.000
97 1111R 625 00	C. recoñecido; factura nº 5681, do 20.12.95, de "Dismac".....	174.121
97 1211R 625 00	C. recoñecido; factura nº 2752, do 29.06.95, de "Dismac".....	35.264
97 1211R 623 00	C.recoñecido;factura nº 281/95, do 29.05.95, de "TGA sistemas"	29.000
97 2221R 626 00	C. recoñecido; factura nº 200/96, do 20.03.96, de "Setinor"	230.000
97 2231R 624 00	C. recoñecido; factura nº-95.564,do 13.07.95, de "Catu-	

	sa".....	1.914.000
97 3131R 623 01	C. recoñecido,factura nº 031/ 96,do 12.01.96, de "Setinor".	30.694
97 4222R 623 00	C. recoñecido; factura nº- 9532405,do 13.06.95, de "Bunker Fort".....	70.760
97 4222R 623 01	C. recoñecido; factura nº 520 IR, do 18.12.95, de "A5T"....	98.600
97 4321R 623 00	C. recoñecido; factua nº 567, do 30.12.94, de "Electricidad Alfonso".....	909.560
97 4321R 625 00	C. recoñecido; factura nº164, do 09.03.95, de "York, S.A.".	298.120
97 4321R 625 01	C.recoñecido; factura nº 002/ 95, do 26.02.95, de "P. y J. de Galicia".....	677.532
97 4321R 625 02	C.recoñecido; factura (parte) nº1, do 16.05.95, de "M.Braulio Florez".....	297.389
97 4321R 627 00	C. recoñecidos; diversos proxectos técnicos col.enx.c.c.p	11.109.858
97 4321R 627 01	C. recoñecidos; diversos proxectos colexio enx. tec. ind. de Vigo.....	1.753.134
97 4321R 627 02	C.recoñecido; proxecto técnico Casa do Concello.....	1.026.182
97 4321R 627 03	C. recoñecido; factura nº 11/ 96, do 09.07.96, de "Alfredo Rojas Temprano".....	290.000
97 4411R 623 00	C.recoñecido; factura nº 359/ 96, do 08.11.96, de "Espina O.H.".....	1.904.037
97 5111R 601 00	C. recoñecido; factura nº 56, do 04.05.95, de "Artesanía Sestelo".....	464.000
97 5111R 601 01	C. recoñecido; factura nº - 1.139, do 02.12.96, de "Lemos Romero, S.L.".....	3.569.738

97 5111R 601 02	C.recoñecido; factura nº 229/96,do 06.11.96, de "Construcciones Carro, S.L.".....	619.392
97 5111R 611 00	C. recoñecidos; diversas facturas de "COVSA".....	5.425.505
97 5111R 623 00	C. recoñecido; factura nº - 95487-2, do 01.07.95, de "Telga, S.A.".....	102.834
97 5111R 623 01	C. recoñecido, factura nº - 960251, do 01.03.96, de "Telga, S.A.".....	216.526
97 6112R 623 00	C. recoñecido; factura nº045/95, do 23.01.95, de "Setinor"	55.815
97 6221R 611 00	C. recoñecido; factura nº-F107/94, do 30.11.94, de - "Construcciones Cardeñoso, - S.L.".....	598.450
	Total.....	169.117.908

Segundo.-

As características do contrato de préstamo serán as seguintes:

* Contía.....169.117.908 pesetas.

* Destino.....Financiamento das aportacións municipais a diversos investimentos e transferencias de capital segundo a distribución indicada no punto anterior.

* Prazo.....Dez anos, sen período de carencia.

* Amortización.....Por trimestres, naturais vencidos, sistema francés, en 40 cotas iguais. Poidéndose amortizar total ou parcialmente con anterioridade ó citado prazo sen custo nengún para o Concello.

* Tipo de xuro.....Tipo variable, referenciado ó MIBOR a tres meses mais a marxe ofertada polo banco ou caixa. Entenderase por MIBOR ós efectos do contrato o tipo medio

a tres meses do mercado interbancario de Madrid publicado polo Banco de España correspondente ó primeiro día hábil anterior ó comezo do periodo de xuros a liquidar (trimestres naturais vencidos).

* Comisión de apertura...Exento.

* Comisión de reembolso anticipado.....Exento.

* Comisión de disponibilidade.....Exento.

* Outros gastos e comisións.....Exento (incluídos corredores mercantiles e outros fedatarios; gastos por cheques transferencias, etc).

* Modelo de contrato.... Deberase unir á oferta económica o modelo completo, de contrato de préstamo no que queden recollidas (entre outras) a totalidade das características indicadas no apartado segundo desta proposta.

* Formalización.....Dentro dos cinco días hábiles seguintes ó de recepción no Concello da autorización da Dirección Xeral de Política Financieira e Tesouro para recorrer ó endebedamento.

* Validez das ofertas... As 0ofertas deberán ter unha validez mínima ata o día 30.06.97.

Terceiro.-

O Concello solicitará ofertas financieiras para o préstamo a longo prazo 1/97 á totalidade de bancos e caixas de aforros que conten con oficinas no termo municipal de Redondela (agás as do grupo "Argentaria") así como a "Caixa Ourense", "La Caixa" e "Banco de Crédito Local".

Cuarto.-

En cada oferta deberase indicar expresamente:

a) O tipo de xuro ofertado (exclusivamente a tipo variable referenciado ó MIBOR a tres meses).

b) A validez da oferta (como mínimo ata o día 30.06.97).

c) A aceptación íntegra e non condicionada da tódalas características do préstamo 1/97 anteriormente indicadas, unindo copia do modelo de contrato.

Quinto.-

As ofertas deberanse presentar en sobre pechado na Secretaría Xeral deste Concello dentro dos vinte días seguintes ó de aprobación, no seu caso, polo Concello Pleno do préstamo 1/97.

No exterior do sobre deberá constar o seguinte texto:

"Oferta financieira para o préstamo a longo prazo 1/97 do Concello de Redondela por importe de 169.117.908 pesetas, presentada por..."

Sexto.-

As ofertas financieiras recibidas serán informadas polo Interventor Xeral do Concello e dictaminadas pola comisión informativa de facenda, persoal e patrimonio; correspondendo ó Concello Pleno determinar o banco ou caixa de aforros co que será asinado o correspondente contrato de préstamo; sen prexuízo de que o Concello Pleno poida acordar, no seu momento, non realizar o préstamo 1/97 total ou parcialmente.

Sétimo.-

O acordo de aprobación do préstamo 1/97 quedará condicionado á entrada en vigor do orzamento xeral deste Concello correspondente a 1997; non poidendo ser asinado o correspondente contrato ata que non se conte coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Política Financieira e Tesouro da Xunta de Galicia".

Así mesmo, pola Presidencia dase conta de dictame emitido pola Comisión de Facenda, Patrimonio e Persoal na súa xuntanza do 4 de xullo 1997, sobre este asunto, que transcrito di:

2.- **PRÉSTAMO A LONGO PRAZO 1/97.**

A vista da proposta da Alcaldía de data 16 de maio de 1997, e visto asimesmo o acordo plenario ó respecto de data 9 de xuño de 1997,

Procedeuse á solicita-las pertinentes ofertas financieiras do préstamo 1/97, por importe de 169.117.908 pesetas, según as características de contrato contidas na proposta da Alcaldía, antes mencionada, con destino ó financiamento das aportacións municipais a diversos investimentos e transferencias de capital incluidas nos capítulos VI e VII do Orzamento Xeral de 1997, sendo presentadas 4 ofertas:

Caixa Pontevedra, con interese Mibor anual + 0,05; Banesto con interese Mibor 3 meses +0,20; Caixa Vigo con interese Mibor 3 meses + 0,25; Simeón con interese Mibor 3 meses +0,05

A Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal, por maioria dos sres asistentes, cos votos a favor dos sres. Concelleiros do P.P. D. LUIS ALBERTO MIGUEZ DOCAMPO, D. JOSE MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. GUMERSINDO FERNANDEZ MENDEZ, e do Concelleiro do Grupo Mixto D. FRANCISCO PUCH CASAL, do Concelleiro do B.N.G. D. CARLOS PAZOS DOCAMPO e cos vostos en contra dos Concelleiros do P.S de G.-P.S.O.E D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS e D. LUIS ALBERTO ORGE MIGUEZ, acordou propoñer ó Pleno do Concello a adxudicación do devandito préstamo a Entidade Banco Simeón con interese Mibor 3 meses + 0,05; non podendo ser asinado o correspondente contrato ata que non se conte coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Política Financieira e Tesouro da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pola Presidencia dase conta a este Concello Pleno de informe emitido polo Sr. Secretario sobre este asunto no que se sinala que é de aplicación á operación de crédito 1/97 o disposto no artigo 130.9 da Lei 13/96, os artigos 49 a 55 ámbolos dous inclusive da Lei 39/88, así como o artigo 47.3.g) da Lei 7/85.

O Sr. Secretario, no seu informe, manifesta que a operación de crédito 1/97, ó rebasar o 5% dos recursos liquidados da entidade por operacións correntes, deducidos da última liquidación orzamentaria practicada, precisará de autorización previa da Comunidade autónoma de Galicia. Igualmente, pola Presidencia indícase que o Sr. Secretario, no seu informe citado, sinala que de conformidade co disposto no artigo 47.3.e) da Lei 7/85 o acordo aprobatorio deste asunto deberá adoptarse cos votos favorables da maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación.

Pola Presidencia, ábrese o corresondente turno de debate.

Concedida a palabra pola Presidencia o Sr. Pazos Docampo, por este maniféstase que está en contra do crédito e que se se fai esa operación de crédito se faga á oferta máis barata, non entendendo qué solución vai a dar o equipo de goberno ás partidas que segundo o Interventor deben ser minoradas.

Concedida a palabra pola presidencia ó Sr. Concelleiro Sr. Soto Virulegio, por este manifféstase que o aforro que haxa nos préstamos se proceda á súa amortización anticipada.

Concedida a palabra pola presidencia ó Sr. González Iglesias por este sinálase que se está disparando a acarga financieira, en contra do que decía antes o equipo de goberno cando estaba na oposición, xa que consideraba o mesmo que cen millóns de pesetas de préstamo era unha barbaridade, e agora só este préstamo supera os cento sesenta e nove millóns de pesetas.

Continúa a súa intevención o Sr. concelleiro sinalando que das quince ofertas que se fixeron a entidades financieiras só se presentaron catro ofertas, considerando que é un terreo perigoso no que se move o equipo de goberno, que está a facer unha politica de terra queimada.

Así mesmo, manifesta o Sr. González Iglesias que a realidade é ue a carga financieira pasa do 19%, e que no ano que ven estaremos no 21 ou 22%, indicando que iso vaise conseguir exactamente en dez meses de goberno do Partido Popular, e os créditos que se pidan neste ano serán os penúltimos, xa que se cerrará a capacidade crediticia deste Concello antes de rematalo mandato do actual goberno. E remata a súa intervención decindo que votará en contra desta operación de crédito.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Sr. Concelliro Soto Virulegio, por este sinálase que non entende o voto en contra do PSdeG-PSOE, e que polo que respecta á carga financieira, habería que esperar ó que ocurra no ano que ven.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Sr. González Iglesias, polo mesmo sinálase que non coñece concello que non teña que acudir a operacións de préstamos, o que en sí non é malo, aínda que sí é malo que se acuda ás mesmas sen saber o que se fai, repetindo que neste exercicio os créditos pida o equipo de goberno serán os penúltimos, e que a principios do ano vindeiro a carga financieira ascenderá ó 21 ou 22%, á que considera a maior carga crediticia da historia deste Concello. E remata esta intervención o aludido Sr. Concelleiro indicando que se está en contara desta operación de crédito, tamén está en contara da súa adxudicación.

Non habendo unanimidade de criterios pola Presidencia sométese a votación este asunto.

Efectuada esta obtívose o seguinte resultado: votan en contra da mesma os Sres Concelleiros do PSdeG-PSOE (5); votan a favor da mesma os Sres. Concelleiros do PP (8), os Sres. Concelleiros do Grupo Mixto (2) e os Sres. Concelleiros do BNG (3). Na súa consecuencia resultou aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación a proposta da Alcaldía e mailo dictame da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio

e Persoal antes citados.

2- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PRÉSTAMO A LONGO PRAZO 2/97.

Pola Presidencia, dase conta da súa proposta de data 16 de maio de 1997, que transcrita di:

"Tendo en conta que este Concello ten en vigor a operación de tesourería 2/96 por importe de cincuenta e catro millóns (54.000.000) de pesetas, en contrato de crédito asinado o día 07.10.96 cunha duración de doce meses.

Visto o establecido na disposición transitoria quinta da Lei 13/1996, do 30.12.96, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; disposición pola que é autorizada a consolidación a medio e longo prazo das operacións de tesourería pendentes de reembolsar a 01.01.97, ata o límite do 58 por 100 dos contratos de crédito.

Esta Alcaldía proponlle ó Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

"Primeiro.-

Aprobar a consolidación a longo prazo do 58 por 100 da operación de tesourería 2/96, mediante a tramitación do préstamo a longo prazo 2/97 por importe de 31.320.000 pesetas.

Segundo.-

As características do contrato de préstamo 2/97 serán as seguintes:

* Contía..... 31.320.000 pesetas.

* Destino..... Consolidación a longo prazo do 58 por 100 da operación de tesourería 2/96 ó abeiro do establecidona disposición transitoria quinta da Lei 13/96, do 30.12.96, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

* Prazo.....Dez anos, sen período de carencia.

* Amortización.....Por trimestres, naturais vencidos, sistema francés, en 40 cotas iguais. Poidéndose

amortizar total ou parcialmente con anterioridade ó citado prazo sen custo nengún para o Concello.

* Tipo de xuro..... Tipo variable, referenciado ó MIBOR a tres meses mais a marxe ofertada polo banco ou caixa. Entenderase por MIBOR ós efectos do contrato o tipo medio a tres meses do mercado interbancario de Madrid publicado polo Banco de España correspondente ó primeiro día hábil anterior ó comezo do periodo de xuros a liquidar (trimestres naturais vencidos).

* Comisión de apertura.....Exento.

* Comisión de reembolso anticipado.....Exento.

* Comisión de disponibilidade.Exento.

* Outros gastos e comisións.. Exento incluídos corredores mercantiles e outros fedatarios; gastos por cheques, transferencias, etc).

* Modelo de contrato..... Deberase unir á oferta económica o modelo completo, de contrato de préstamo no que queden recollidas (entre outras) a totalidade das características indicadas no apartado segundo desta proposta.

* Formalización.....Dentro dos cinco días hábiles seguintes ó de recepción da notificación do acordo de adxudicación.

* Validez das ofertas.....As ofertas deberán ter unha validez mínima ata o día 30.06.97.

Terceiro.-

O Concello solicitará ofertas financieiras para o préstamo a longo prazo 2/96 á totalidade de bancos e caixas de aforros que conten con oficinas no termo municipal de Redondela (agás as do grupo "Argentaria") así como a "Caixa Ourense", "La Caixa" e "Banco de Crédito Local".

Cuarto.-

En cada oferta deberase indicar expresamente:

a) O tipo de xuro ofertado (exclusivamente a tipo variable referenciado ó MIBOR a tres meses).

b) A validez da oferta (como mínimo ata o día 30.06.97).

c) A aceptación íntegra e non condicionada da tódalas características do préstamo 2/96 anteriormente indicadas, unindo copia do modelo de contrato.

Quinto.-

As ofertas deberanse presentar en sobre pechado na Secretaría Xeral deste Concello dentro dos vinte días seguintes ó de aprobación, no seu caso, polo Concello Pleno do préstamo 2/96.

No exterior do sobre deberá constar o seguinte texto:

> **"Oferta financieira para o préstamo a longo prazo 2/96 do Concello de Redondela por importe de 31.320.000 pesetas, presentada por..."**

Sexto.-

As ofertas financieiras recibidas serán informadas polo Interventor Xeral do Concello e dictaminadas pola comisión informativa de facenda, persoal e patrimonio; correspondendo ó Concello Pleno determinar o banco ou caixa de aforros co que será asinado o correspondente contrato de préstamo.

Sétimo.-

O acordo de aprobación do préstamo 2/96 quedará condicionado á entrada en vigor do orzamento xeral deste Concello correspondente a 1997"

Así mesmo, pola Presidencia dase conta da proposta da Comisión de Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 4 de xullo, que transcrita di:

"A vista da proposta da Alcaldía de data 16 de maio de 1997, e visto asimesmo o acordo plenario ó respecto de data 9 de xuño de 1997,

Procedeuse á solicita-las pertinentes ofertas financieras do préstamo 2/97 por importe de 31.320.000 pesetas, con destino á consolidación a longo prazo ddo 58 por cento da operación de Tesourería 2/97, ó abeiro do establecido na disposición transitoria quinta da Lei 13/96, do 30 de decembro de 1996, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, sendo presentadas 5 ofertas:

Bilbao Vizcaya con interese Mibor 3 meses +0,14; Argentaria con interese Mibor 3 meses +0,225; Caixa Pontevedra con interese Mibor 3 meses + 0,05; Banesto con interese Mibor 3 meses +0,20; e Caixa Vigo con interese Mibor 3 meses +0,25

A Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal, en votación ordinaria e por maioria dos sres asistentes, cos votos a favor dos sres. Concelleiros do P.P. D. LUIS ALBERTO MIGUEZ DOCAMPO, D. JOSE MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. GUMERSINDO FERNANDEZ MENDEZ, e do Concelleiro do Grupo Mixto D. FRANCISCO PUCH CASAL, do Concelleiro do B.N.G. D. CARLOS PAZOS DOCAMPO e cos vostos en contra dos Concelleiros do P.S de G.-P.S.O.E D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS e D. LUIS ALBERTO ORGE MIGUEZ, acordou propoñer ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1.- Solicitar da Entidade Caixa Pontevedra, en cumprimento do apartado cuarto c) das condicións da proposta da Alcaldía de data 16 de maio de 1997, que rixen as características do contrato do préstamo 2/97, que procede a retirar da sua oferta o apartado de Garantias: Afección de impostos suficientes.

2.- Adxudica-lo préstamo 2/97 a Caixa Pontevedra con interese Mibor 3 meses + 0,05, se accede o solicitado no aparto anterior, caso contrario, propón a sua adxudicación a Bilbao Vizcaya con interese Mibor 3 meses +0,14."

Concedida a palabara pola Presidencia ó Concelleiro Soto Virulegio, por este manifféstase que a Caixa Pontevedra comunicóuselle o sinalado pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal na súa reunión celebrada respecto desta asunto sen que se tivera recibido contestación alguNa da citada Caixa.

Concedida a palabara pola Presidencia polo Concelleiro Sr. González Iglesias por este manifféstase que ainda que non defenda á Caixa de Pontevedra, a proposta da Comisión é a favor da citada Caixa, e que ten que haber no expediente, constancia do requerido pola Comisión Informativa á citada entidade financieira, asi como o recibí da mesma respecto da comunicación enviada. E remata a súa intervención dicindo que non se poden entender operacións deste tipo, e que votará en contra deste

asunto.

Concedida a palabara pola Presidencia ó Concellero Sr. Soto Virulegio, por este sinálase que a proposta da Alcaldía está xustificada en base a necesidades do Concello, sinalando a posibilidade de pagalo anticipadamente. E remata a súa intervención dicindo que cada grupo político, naturalmente, ten opinións distinta.

Concedida a palabara pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este sinálase que o que dixo o Concelleiro Sr. Soto Virulegio de paga-lo crédito anticipadamente é unha barbaridade cando o mesmo se fixo para pagar débedas. E remata a súa intervención dicindo que votará en contra desta operación de crédito.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese a votación este asunto.

Efectuada esta, obtívose o seguinte resultado: votan en contra da mesma os Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE (5); votan a favor da mesma, os Sres. concelleiros do PP (8), os Sres. concelleiros do Grupo Mixto (2), e os Sres. concelleiros do BNG (3). Na súa consecuencia, por maioría de votos, resultou aprobada a operación de crédito a longo prazo 2/97 coa entidade financieira BANCO BILBAO-VIZCAYA.

3.- <u>DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PRÉSTAMO A LONGO PRAZO 3/97.</u>

Pola Presidencia, dase conta da súa proposta de data 21 de maio de 1997, que transcrita di:

Aprobado provisoriamente polo Concello Pleno, en sesión ordinaria do 25.04.97, o orzamento xeral deste Concello correspondente ó exercicio de 1997.

Tendo en conta a necesidade urxente de proceder á adxudicación das obras correspondentes á reconstrucción da cuberta da Casa do Concello e aproveitamento baixo cuberta coa finalidade de cumprir cos prazos de xustificación da subvención concedida pola Xunta de Galicia para as citadas obras e poder realizalas en ausencia de chuvia.

Figurando no orzamento do Concello para 1997 unha previsión de ingresos de 178.658.773 pesetas no subconcepto 97 917 01, correspondente a un préstamo a longo prazo para o financiamento das aportacións municipais a diversos investimentos así como para varias transferencias de capital.

Tendo en conta que na proposta desta Alcaldía, do 16.05.97, referida ó préstamo a longo prazo 1/97 por importe de 169.117.908 pesetas, non figura a contía correspondente á aportación municipal en 1997 ás obras a realizar na Casa do Concello polo que esta Alcaldía proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

"Primeiro.-

Aprobar a tramitación do préstamo 3/97 por importe de 9.540.865 pesetas con destino ó financiamento da aportación municipal durante 1997 á seguinte obra:

Subprograma e subconcepto	**Destino**	**Pesetas**
97 1211A 632 00	Reconstrucción da cuberta da Casa do Concello e aprovei-- tamento baixo cuberta.....	9.540.865
	Total.....	9.540.865

Segundo.-

As características do contrato de préstamo serán as seguintes:

* Contía ..... 9.540.865 pesetas.

* Destino..... Financiamento da aportación Municipal en 1997 ás obras de reconstrucción da cuberta da Casa do Concello e proveitamento baixo cuberta.

* Prazo..... Dez anos, sen período de carencia.

* Amortización..... Por trimestres, naturais vencidos, sistema francés, en 40 cotas iguais. Poidéndose amortizar total ou parcialmente con anterioridade ó citado prazo sen custo nengún para o Concello.

* Tipo de xuro..... Tipo variable, referenciado ó MIBOR a tres meses mais a

marxe ofertada polo banco ou caixa.Entenderase por MIBOR ós efectos do contrato o tipo medio a tres meses do mercado interbancario de Madrid publicado polo Banco de España correspondente ó primeiro día hábil anterior ó comezo do periodo de xuros a liquidar (trimestres naturais vencidos).

* Comisión de apertura..... Exento.

* Comisión de reembolso anticipado..... Exento.

* Comisión de disponibilidade. Exento.

* Outros gastos e comisións. Exento (incluídos corredores mercantiles e outros fedatarios; gastos por cheques transferencias, etc).

* Modelo de contrato..... Deberase unir á oferta económica o modelo completo, de contrato de préstamo no que queden recollidas (entre outras) a totalidade das características indicadas no apartado segundo desta proposta.

* Formalización..... Dentro dos cinco días hábile seguintes ó de recepción no Concello da autorización da Dirección Xeral de Política Financieira e Tesouro para recorrer ó endebedamento.

* Validez das ofertas..... As ofertas deberán ter unha validez mínima ata o día 30.06.97.

Terceiro.-

O Concello solicitará ofertas financieiras para o préstamo a longo prazo 3/97 á totalidade de bancos e caixas de aforros que conten con oficinas no termo municipal de Redondela (agás as do grupo "Argentaria") así como a "Caixa Ourense", "La Caixa" e "Banco de Crédito Local".

Cuarto.-

En cada oferta deberase indicar expresamente:

a) O tipo de xuro ofertado (exclusivamente a tipo variable referenciado ó MIBOR a tres meses).

b) A validez da oferta (como mínimo ata o día 30.06.97).

c) A aceptación íntegra e non condicionada da tódalas características do préstamo 3/97 anteriormente indicadas, unindo copia do modelo de contrato.

Quinto.-

As ofertas deberanse presentar en sobre pechado na Secretaría Xeral deste Concello dentro dos vinte días seguintes ó de aprobación, no seu caso, polo Concello Pleno do préstamo 3/97.

No exterior do sobre deberá constar o seguinte texto:

"Oferta financieira para o préstamo a longo prazo 3/97 do Concello de Redondela por importe de 9.540.865 pesetas, presentada por..."

Sexto.-

As ofertas financieiras recibidas serán informadas polo Interventor Xeral do Concello e dictaminadas pola comisión informativa de facenda, persoal e patrimonio; correspondendo ó Concello Pleno determinar o banco ou caixa de aforros co que será asinado o correspondente contrato de préstamo; sen prexuízo de que o Concello Pleno poida acordar, no seu momento, non realizar o préstamo 3/97 total ou parcialmente".

Así mesmo, pola Presidencia, dase conta da proposta da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal de data 4 de xullo que transcrita di:

A vista da proposta da Alcaldía de data 21 de maio de 1997, e visto asimesmo o acordo plenario ó respecto de data 9 de xuño de 1997,

Procedeuse á solicita-las pertinentes ofertas financieras do préstamo 3/97 polo importe de 9.540,865 pesetas, con destino ó financiamento da aportación municipal á obra "Reconstrucción da cuberta da Casa do Concello e aproveitamento do baixo cuberta", sendo presentadas 5 ofertas;

Bilbao Vizcaya con interese Mibor 3 meses +0,14; Argentaria con interese Mibor 3 meses + 0,25; Caixa Pontevedra con interese

Mibor anual +0,05; Banesto con interese Mibor 3 meses + 0,20 e Caixa Vigo con interese Mibor 3 meses +0,25

A Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres. asistente acordou propoñer ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1.- Solicitar da Entidade Caixa Pontevedra, en cumprimento do apartado cuarto c) das condicións da proposta da Alcaldía de data 21 de maio de 1997, que rixen as características do contrato do préstamo 3/97, que procede a retirar da sua oferta o apartado de Garantias: Afección de impostos suficientes; asicomo o fixar o Interese Mibor 3 meses.

2.- Adxudica-lo préstamo 3/97 a Caixa Pontevedra con interese Mibor 3 meses + 0,05 se accede o solicitado no aparto anterior, caso contrario, propón a sua aduxicación a Banco Bilbao Vizcaya con interese Mibor e meses +0,14."

Este Concello Pleno, por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes, acordou presta-la súa aprobación á operación de crédito a longo prazo 3/97, coa entidade financieira BANCO BILBAO VIZCAYA.

4.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL S/ PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 30/6/97 REFERIDA A RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DA FACTURA Nº231 DO 27.02.97 EXPEDIDA POR DESHUM GALICIA, S.L.

Pola Presidencia, dase conta da proposta da Comisión de Fancenda, Patrimonio e Persoal de data 4 de xullo de 1997, que transcrita di:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 30.06.97, REFERIDA Ó RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DA FACTURA NÚMERO 231, do 27.02.97, EXPEDIDA POR DESHUM GALICIA, S.L".-

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30 de xuño de 1997, que transcrita di:

" Visto o expediente referido ó recoñecemento extraxudicial da factura número 231 expedida por "Deshum Galicia, S.L.", o día 27.02.97 por importe de 2.035.104 pesetas.

Tendo en conta o acordo adoptado polo Concello Pleno o día 09.06.97; acordo polo que foi desestimada a proposta desta Alcaldía, do 23.05.97, referida ó recoñecemento extraxudicial da factura antes citada.

Considerando que o Concello adquiriu de "Deshum Galicia, S.L.", catro deshumificadores que están instalados no pavillón

polideportivo de Chapela.

Tendo en conta que a corresopondente factura conta co visto e prace do Concelleiro Delegado de Deportes.

Considerando que o non recoñecemento extraxudicial da factura daría lugar a un importante quebranto económino a "Deshum Galicia, S.L", así como a un enrequecemento inxusto para este Concello.

Tendo en conta que o acordo adoptado polo Concello Pleno o día 09.06.97, referio ó recoñecemento extraxudicial da factura indica non deu lugar a declaración de dereitos a favor de tercerios, esta Alcaldía proponlle ó Concello Pleno a adopoción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Revocar o acordo adoptado polo Concello Pleno o día 09.06.97, referido ó non recoñecemento extraxudicial da factura número 231, expedida por "Deshum Galicia, S.L", a este Concello.

SEGUNDO: Aprobar resolvendo os reparos formulados polo Interventor Xeral do Concello no informe do 23.05.97, referencia RT 25/97) a factura número 231, do 27.,02.97, expedida a este Concello por "Deshum Galicia, S.L.", por importe de 2.035.104 pesetas IVA incluído.

TERCERO: Imputar o gastos ó crédito existente no subprograma e subconcedpto 97 4521B 623 oo do estado de gastos do orzamento deste Concello para 1997.

CUARTO: Os acordos indicados quedarán condicionados á sinatura do contrato de préstamo 1/97 (en trámite)."

A comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal, en votación ordinaria e por maioria dos sres asistentes, cos votos a favor dos sres. Concelleiros do P.P. D. LUIS ALBERTO MIGUEZ DOCAMPO, D. JOSE MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. GUMERSINDO FERNANDEZ MENDEZ, e do Concelleiro do Grupo Mixto D. FRANCISCO PUCH CASAL, e cos votos en contra do Concelleiro do B.N.G. D. CARLOS PAZOS DOCAMPO e do Concelleiro do P.S de G.-P.S.O.E D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, acordou propoñer ó Concello Pleno a probación da proposta transcrita, previo informe do Sr. Secretario Xeral do Concello."

Así mesmo, dase conta do informe do Sr. Secretario Xeral do concello, que transcrito di:

"Primeiro.- O presente informe emítese por imperativo legal de conformidade co estipulado no artigo 173.1.a) e b) do RD 2568/86.

Segundo.- É de aplicación á operación de crédito 1/97 o disposto no artigo 139 da Lei 13/96 e os artigos 49 a 55 ámbolos dous inclusive da Lei 39/88, así como o artigo 47.3.g) da Lei 7/85.

De conformidade co disposto das dúas primeiras Leis, o expediente de operación de crédito 1/97 ó rebasar o 5% dos recursos liquidados da Entidade por operacións correntes, deducidos da última liquidación orzamentaria practicada precisará de autorización previa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- O punto nº 1º da Orde do Día da sesión extraordinaria a celebrar polo Concello Pleno en data 9/7/97, requerirá para a súa aprobación acordo acadado cos votos favorables da maioria absoluta do número legal dos membros da Corporación segundo dispón o artigo 47.3.g) da Lei 7/85

Cuarto.- Polo que respecta ó punto 4º da Orde do Día da sesión extraordinaria máis arriba citada é de sinalar que non procede revocación do acordo adoptado na sesión plenaria de data 9/6/97 referente a este asunto xa que o mesmo se adoptou con tódolos requisitos legais para a súa adopción.

Con respecto á factura aludida as Leis non esixen para o seu recoñecemento que para a adopción do acordo se esixa maioría cualificada, sendo suficiente por tanto a maioría simple."

Concedida a palabara pola Presidencia ó concelleiro Pazos Docampo, por este maniféstase que sobre deste asunto, xa houbo acordo en contra da aprobación do mesmo, e considera pouco democrático que se volva a traer novamente este asunto que volverá a votar en contra porque considera que é un gasto irregular, e que non se contou con eles. Considerando que o equipo de goberno debería facer fronte á factura solidariamente.

Concedida a palabara pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias por este maniféstase que este asunto sempre foi unha chapuza e agora preténdese arreglar con outra chapuza.

Continua a súa intervención o Sr. concelleiro, dicindo que no expediente consta un documento dun técnico do Concello que no seu informe calca literalmente a oferta da empresa.

Na súa intervención, o Concelleiro Sr. González Iglesias sinala que xa indicou anteriormente que votaría a favor sempre que se xustificase pola empresa que os aparatos solucionaban o problema do pavillón, e se non, que se recolleran pola mesma, e que non se lle pagara a factura, e, como non hai constancia no expediente xustificativa deste extremo sinala a súa intención de votar en contra. Polo que respecta ó informe do Sr. Secretario, se lle pregunta ó mesmo se mantén o seu contido.

Coa debida autorización da Presidencia, polo Sr. Secretario se lle resposta que sí se ratifica no contido do informe antes citado.

Concedida a palabara pola Presidencia ó concelleiro Sr. González Iglesias,polo mesmo sinálase que pode existir neste asunto implicacións legais, e que votará en contra.

Concedida a palabara pola Presidencia ó Sr. Soto Virulegio, por este manifféstase que os informes do Sr. Secretario non son vinculantes, e que o mesmo pode estar equivocado. Por outro lado, indica que cando o PSdeG-PSOE estaba no goberno, facía caso omiso dos informes emitidos polo Sr. Secretario. Remata a súa intervención o citado Sr. concelleirom, dicindo que se manterá a proposta no seu contido.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por éste manifféstase que pode existir responsabilidade administrativa e política por traer ó Pleno un asunto mal tramitado, e di que votará en contra do mesmo.

Non habendo unanimidade de criterios, sométese a votación este asunto.

Efectuada esta, obtívose o seguinte resultado: votan en contra deste asunto os Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE (5), e os Sres. Concelleiros do BNG (3); votan a favor deste asunto os Sres. Concelleiros do PP (8), e os Sres. Concelleiros do Grupo Mixto (2). Na súa consecuencia, resultou aprobado o dictame da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal sobre proposta da Alcaldía do 30.06.97 referida a recoñecemento extraxudicial da factura nº231 de data 27.02.97, expedida por DESHUM GALICIA, S.L.

5.- <u>DAR CONTA DA OPERACIÓN DE TESOURERÍA 1/97</u>

Pola Presidencia, dase conta da súa resolución de data 16 de maio de 1997, que transcrita di:

Vista a situación actual, así como as previsións de cobros e pagos a curto prazo da tesourería municipal, e tendo en conta a necesidade de efectuar diversos pagos pendentes coa finalidade de non causar maiores quebrantos a varios proveedores.

Visto o establecido no artigo 53.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, na redacción dada ó mesmo polo artigo 139 cuarto da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, esta Alcaldía acorda:

Primeiro.-

Que se proceda á tramitación do expediente correspondente á operación de tesourería 1/97, crédito a curto prazo, coas seguintes características.

* Contía máxima.....70.000.000 de pesetas en póliza de crédito.

* Destino.....Tesourería do Concello.

* Prazo.....Seis meses.

* Amortización.....Ó remate do prazo de vixencia, poidéndose amortizar total ou parcialmente con anterioridade ó citado prazo sen custo nengún para o Concello.

* Xuros.....Tipo variable, referenciado ó MIBOR a tres meses mais a marxe ofertada pola entidade adxudicataria do contrato.

  Entenderase por MIBOR ós efectos do contrato o tipo medio a tres meses do Mercado Interbancario de Madrid publicado polo Banco de España correspondente ó primeiro día hábil anterior ó comezo do período de xuros a liquidar (trimestres naturais vencidos).

  Sobre as contías non dispostas da póliza de crédito (así como sobre as amortizadas total ou parcialmente) non se aplicará ó Concello nengún tipo de xuro, comisión ou calquera outro gasto.

* Comisión de apertura...Exento.

* Comisión de reembolso anticipado.....Exento.

* Outros gastos e comisións.....Exento (incluídos corredores mercantiles e outros fedatarios; gastos por cheques, transferencias etc).

* Modelo de contrato.....Deberase unir á oferta económica o modelo, completo, de póliza de crédito no que expresamente queden recollidas (entre outras) a totalidade das características indicadas no apartado primeiro desta resolución.

* Formalización.....Dentro dos cinco días hábiles seguintes ó de recepción da notificación do acordo de adxudicación.

* Ofertas.....As ofertas non poderán ser condicionadas, e deberán ser válidas como mínimo ata o día 30 de xuño de 1997.

Segundo.-

Para a operación de tesourería 1/97 solicitaranse ofertas financieiras á totalidade de bancos e caixas de aforros que teñan abertas oficinas no termo municipal de Redondela (agás as do grupo "Argentaria") así como a "Caixa Ourense", "La Caixa" e ó "Banco de Crédito Local".

As ofertas deberanse presentar, en sobre pechado, na Secretaría Xeral do Concello a partir de hoxe e ata o día 16.06.97, de luns a venres e de 8 a 15 horas.

Na oferta deberase indicar expresamente:

a) A marxe ofertada para a póliza de crédito 1/97 por importe de 70.000.000 de pesetas, referida exclusivamente ó MIBOR a tres meses.

b) A validez da oferta (como mínimo ata o día 30 de xuño de 1997).

c) A aceptación expresa, íntegra e non condicionada de tódalas características da póliza de crédito 1/97 anteriormente indicadas, unindo modelo de contrato no que expresamente queden recollidas, entre outras, a totalidade das características indicadas no apartado primeiro desta resolución.

No exterior do sobre deberá constar o seguinte texto:

"Oferta financieira para a operación de tesourería 1/97 do Concello de Redondela por importe de 70.000.000 de pesetas, presentada por..."

Terceiro.-

Previo informe do Interventor Xeral, a operación de tesourería 1/97 será adxudicada por esta Alcaldía con

posterioridade á entrada en vigor do orzamento xeral deste Concello para 1997 ou, no seu caso, con posterioridade á completa amortización anticipada da operación de tesourería 2/96 actualmente en vigor.

Así mesmo, esta Alcaldía poderá deixar sen adxudicar a operación de tesourería 1/97, procedéndose ó arquivo do expediente tramitado."

Concedida a palabra pola Presidencia ó concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este manifféstase que a política financieira do equipo de goberno é un despropósito, e que supón que isto servirá de exemplo para corporacións vindeiras.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por éste manifféstase que o PSdeG-PSOE nunca votou en contra do contido dun informe da índole anterior, a non ser que houbera outro que o contradixese.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro, sinalando que cando o Sr. Alcalde asine un escrito de solicitude a entidades financieiras, a ver se sabe o que asina. Neste senso o día 16 de maio, enviaronselle solicitudes para que as entidades financieiras fixeran ofertas para unha operación de tesourería por importe de 70.000.000 ptas. rectificándose logo ese escrito de solicitude alegando a existencia dun erro xa que o importe desa operación se cifraba en 54.000.000 de pesetas, sinalando que non foi un erro se non que é unha mentira, e que se rectificou a cantidade para non ter que traer o expediente ó Pleno para a súa aprobación e só para dar conta do mesmo.

Remata a súa intervención dicindo que o equipo de goberno está a facer unha política de terra queimada e que terán que endereza-lo rumbo dentro de dous anos.

A Corporación queda enterada do contido da operación de Tesourería 1/97.

E, non sendo outro o obxecto desta sesión, pola Presidencia levántase a mesma, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio 104 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 0361329, ata a volta do folio 115, Serie A nº 0361379, insértase o papel trimbrado Serie A nº 0361349 e Serie A nº 0363271 a nº0363279 que van dende o folio 106 ata 115 volta, en sustitución Serie A nº 0361350 ata 0361358 por estragarse o atascarse na impresora, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

AMADO RICON VIRULEGIO

O SECRETARIO

LUIS TORRADO VAZQUEZ